

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/único criterio de valoración/ trámite ordinario	
Obxecto	Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da Asociación de Veciños de Mandiá, Ferrol (2021.2100.0026.0) incluído no Plan Único de Obras e Servizos POS+2021 (Achega Provincial 2021)	
Número expediente	AVSS 03007 24/22	Cívidas nº 202303922
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	03 de xuño de 2024	
Hora de inicio	12:26:00	
Hora remate	14:15:00	
Asistentes sen voto	Don Felipe Cotovad Martínez, arquitecto municipal e don Julián Reina Villalón, representante do grupo municipal PSOE.	
Acto público	Tendo en conta a convocatoria dun acto público, o día 31/05/2024, publicouse en PLACE a conocatoria da apertura de ofertas. Non houbo interesados en presencialo.	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; Don José Tomé López, concelleiro delegado da área que propuxo a contratación (Servizos); dona Ana M^a Vázquez Fernández, directora da oficina xurídica; dona Rosario Vázquez Fernández, interventora municipal e dona Beatriz Bouza Pico, xefa de servizo da área proponente do contrato (Servizos).

Secretaria

Dona M.^a Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado, do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA
1.- Dar conta das ofertas presentadas e apertura pública dos arquivos-sobres electrónicos 1 (único): Documentación administrativa y criterios cuantificables automáticamente. Adopción do/s acordo/s que procedan.

O presente acto ten por obxecto proceder coa apertura pública dos arquivos electrónicos-sobre ÚNICO presentados para o expediente de referencia; arquivos que conterán a declaración responsable do cumprimento de requisitos previos e a oferta económica que presenten os licitadores concorrentes.

Comprobada a ausencia de público asistente; deuse conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación, 23/05/2023 ás 23:59 horas, e das dúas ofertas presentadas transcorrido dito prazo, todas en prazo.

A continuación, procedeuse co descifrado e apertura electrónica das proposicións presentadas, resultando como segue:

SOBRE ÚNICO		Tipo de licitación 63.985,50€
1	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 57.606,15 € <i>* Indica unidades ou partes de obra a subcontratar, importe e nome ou perfil empresarial do subcontratista.</i>
2	URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL	<ul style="list-style-type: none"> • Que oferta a execución do contrato na cantidade, sen IVE, de 63.345,65€ <i>* Indica unidades ou partes de obra a subcontratar, importe e nome ou perfil empresarial do subcontratista.</i>

Á vista do presentado e unha vez rematado o acto público; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Calificar favorablemente as declaracións relativas ao cumprimento de requisitos previos e as propostas presentadas polos licitadores inicialmente admitidos, nesta única fase do procedemento, correspondentes ás ofertas económicas (de valoración automática) se remiten a revisión e informe do técnico municipal designado, aos efectos, na presente licitación.

2.-Acto de valoración da ofertas - criterios cuantificables automaticamente (art. 159) para o expediente AVSS 03007 24/22: Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da Asociación de Veciños de Mandiá, Ferrol (2021.2100.0026.0) incluído no Plan Único de Obras e Servizos POS+2021 (Achea Provincial 2021)

Visto o informe e a valoración técnica, de data 03/06/2024, que asina a arquitecto municipal no que consta a existencia de oferta incurso en temeridade; a puntuación outorgada ás ofertas económicas presentadas e a clasificación final por orde decrecente; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Valorar o contido das ofertas económicas presentadas polos licitadores concorrentes e, en consecuencia, concluir a lista ordenada de xeito decrecente, resultando a clasificación final como segue:

CLASIFICACIÓN FINAL			
1	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL	*BT	46,53
2	URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL		4,67

3.-Proposta de adjudicación (art. 159) para o expediente AVSS 03007 24/22: Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da Asociación de Veciños de Mandiá, Ferrol (2021.2100.0026.0) incluído no Plan Único de Obras e Servizos POS+2021 (Achea Provincial 2021)

Considerando a clasificación final de ofertas; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- PROPOÑER A ADXUDICACIÓN da licitación AVSS 03007 24/22 a favor da empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, por ser o candidato que acadou a mellor puntuación; a proposta queda condicionada á correcta xustificación do prezo temerario no que incorre a súa oferta conforme ao

disposto no PCAP que rexe a licitación para ditos supostos.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 26/08/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*